



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA



SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Número 33 /2026

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN LUIS SEOANE PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS DO PREMIO "LUIS SEOANE" DE DESEÑO.

Na Coruña, a 6 de abril de 2026, na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

Dunha parte, a Deputación Provincial da Coruña con NIF P1500000C, representada pola súa Presidencia, Don Valentín González Formoso, asistido polo Secretario Xeral, Don Miguel Iglesias Martínez, en exercicio das funcións reservadas previstas no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

E, **doutra parte**, a Fundación Luis Seoane, con NIF G15568199 representada pola súa directora, Dona Carmen Jiménez Jiménez.

As partes comparecentes interveñen no uso das facultades que, en razón dos seus cargos, lles están atribuídas e

MANIFESTAN

1.- A Fundación Luis Seoane constituíuse na cidade da Coruña o día 2 de agosto de 1996, sendo a entidade promotora o Concello da Coruña.

A Fundación Luis Seoane ten por obxecto o fomento do estudo e da difusión do conxunto da obra e da personalidade de Luís Seoane, así como do seu arquivo e da súa divulgación, tanto nos aspectos artísticos coma intelectuais, de deseño, sociais, políticos ou biográficos; abordando estas cuestións desde unha perspectiva teórica e de pensamento, así como desde os ámbitos da creatividade e do sociocultural.

De conformidade cos seus estatutos, para a consecución dos fins mencionados, a Fundación pode organizar estudos, seminarios, cursos, conferencias, coloquios, exposicións e calquera outra actividade encamiñada á educación artística e ao perfeccionamento da sensibilidade da cidadanía, con un claro sentido de progreso e modernidade e, en todo momento, coa defensa de Galicia e da súa cultura na mesma dirección en que Luís Seoane enfocou estes temas.

2.- Na liña de apoio á creación artística e ao deseño que leva a cabo a Deputación da Coruña, e en recoñecemento ao labor realizado polo artista Luís Seoane, a Deputación convoca anualmente o Premio "Luis Seoane" de Deseño.

3.- A actuación que se formaliza mediante este convenio fundaméntase nas competencias propias da Deputación Provincial da Coruña en materia de promoción e fomento da cultura, de acordo co disposto no artigo 118, apartado d), da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, así como no artigo 3.3 da mesma norma.

De acordo co exposto e coa finalidade de establecer as condicións de colaboración entre ambas as institucións, a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Luis Seoane acordan formalizar o presente convenio de colaboración, que se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Luis Seoane (NIF G15568199) para a organización das seguintes actividades complementarias do Premio "Luis Seoane" de Deseño da Deputación da Coruña:

- Exposición sobre a traxectoria das persoas ou entidades gañadoras da última edición.
- Publicación dedicada á traxectoria das persoas ou entidades gañadoras da última edición.

II.- Obrigas das partes

Co fin de acadar a finalidade expresada na cláusula anterior, as partes comprométense a realizar as seguintes actuacións:

Obrigas da Fundación Luis Seoane:

- Ceder o espazo necesario para a exposición do premio, así como para a súa presentación e publicidade.
- Ceder material expositivo adecuado aos contidos da mostra.
- Organizar visitas guiadas, actividades ou conferencias vinculadas á exposición. A realización destas actividades deberá ser comunicada con antelación á Deputación e deberá incluír, en toda a súa difusión, o logotipo oficial da Deputación da Coruña e o da campaña "A cultura é un dereito".
- Prestar asesoramento artístico especializado para a coordinación da exposición e da publicación.
- Colaborar na difusión tanto da exposición como da publicación.

Obrigas da Deputación da Coruña:

- Coordinar a realización da exposición do Premio "Luis Seoane" de Deseño na sede da Fundación
 - Xestionar e aboar os gastos de montaxe, entre os que se incluírán: o enmarcado das obras seleccionadas, soportes, vinilos, roll-ups, peanas, vitrinas, paneis explicativos, textos e iluminación de todas as exposicións que se realicen.
 - Realizar as xestións encamiñadas ao correcto desenvolvemento das exposicións, supervisando a adecuación das salas, que serán postas á disposición polos concellos, encargados tamén da atención ao público mentres as exposicións permanezan abertas.
 - Realizar o embalaxe, transporte, montaxe e desmontaxe das obras participantes, así como aboar os gastos correspondentes.
 - Aboar os gastos do seguro (de bens e persoas), que deberán incluír, como mínimo, as seguintes coberturas:
 - Responsabilidade civil para todo o persoal que participe, cun límite mínimo de indemnización de 300.000 €.
 - Seguro "clavo a clavo" para a exposición.
- Editar unha publicación sobre a traxectoria das persoas ou entidades gañadoras da última edición.
- Facer constar expresamente a colaboración da Fundación Luis Seoane na difusión das actividades complementarias do Premio "Luis Seoane" de Deseño.

III.- Réxime económico

A Deputación Provincial da Coruña non aboará á Fundación Luis Seoane ningunha cantidade derivada do presente convenio de colaboración.

IV.- Financiamento

Os gastos correspondentes ás obrigas da Deputación están incluídos no orzamento do contrato de servizo de coordinación e xestión dos premios, concursos e certames culturais da Deputación (expediente PCO.001.2025.00417) con cargo á partida 0612/3341/22799.

A edición da publicación sobre a traxectoria das persoas ou entidades gañadoras realizarase a través da Imprenta Provincial da Deputación da Coruña.

V.- Causas de resolución

O incumprimento de calquera das cláusulas do presente convenio constituirá causa suficiente para a súa resolución e extinción.

VI.- Seguimento

O seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio e dos compromisos adquiridos por ambas as partes corresponderá á Área de Cultura da Deputación Provincial da Coruña, consonte co disposto no artigo 49.f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, sen prexuízo das competencias de fiscalización e control financeiro que correspondan a outros servizos da Deputación.

Esta unidade encargarase tamén de resolver as dúbidas de interpretación, incidencias ou cuestións derivadas da execución do convenio, podendo solicitar á Fundación a documentación, aclaracións ou informes que sexan necesarios para verificar o desenvolvemento das actuacións programadas.

VII.- Protección de datos

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, así como da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, a Deputación da Coruña e a Fundación Luis Seoane actuarán como responsables do tratamento dos datos derivados deste convenio, cada unha no ámbito das súas funcións respectivas.

VIII.- Vixencia

O prazo de vixencia do presente convenio será de 12 meses, contados desde o día 1 de xaneiro de 2026.

En calquera momento antes da finalización do prazo previsto, as partes asinantes poderán acordar unánimemente a súa prórroga por períodos sucesivos de 12 meses, ata un máximo de catro anos, ou ben a súa extinción.

Así mesmo, e por acordo expreso de ambas as partes, o convenio poderá ser modificado por causa debidamente xustificada, sempre que non se altere o seu obxecto nin o orzamento de gastos.

A concesión da subvención foi aprobada por Acordo do Resolución de Presidencia número 5709 de data 9 de febreiro de 2026.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

A PRESIDENTA DA
FUNDACIÓN LUIS SEOANE

Asdo. Valentín González Formoso

Asdo. Carmen Jiménez Jiménez

O SECRETARIO XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo. Miguel Iglesias Martínez